

DECRETO NUMERO 12008377

Ilmo. Sr. Don Xosé Antón Bao Abelleira Tenente de Alcalde Delegado da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

Lugo, 4 de outubro de 2012

ASUNTO:

PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DOS POSTOS DE ATRACCIÓN NAS FESTAS DE SAN FROILÁN 2012, 2013, 2014 E 2015. ADXUDICACIÓN DE POSTOS NON CUBERTOS NA SEGUNDA FASE.

1.- Examinado o expediente de referencia e visto:

1.- Decreto num. 12005224 asinado o día 20 de xuño de 2012 , mediante o cal se aprobaron as BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN NO CONCURSO PÚBLICO PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACION DE POSTOS DE ATRACCIONS NAS FESTAS DE SAN FROILAN 2012, 2013, 2014 E 2015.

2.- Acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de agosto de 2012 polo que foi estimado parcialmente o recurso presentado por don Luis Pereira Garcia contra as bases técnicas e procedeuse á unha nova apertura do procedemento de licitación.

3.- Tramitación regulamentaria do expediente

4.- Acta de Comisión de Festas de data 20 de setembro 2012 en virtude do cal propónse a adxudicación de postos, a declaración de deserta de varias parcelas e a apertura dun novo prazo para presentación de novas ofertas para as parcelas desertas ó que pode concorrer os licitadores que se presentaran e non obtiveran a adxudicación de parcela algunha.

5.- Decreto número 12007918 do 21 de setembro de 2012, ditado polo Ilmo Sr Tenente de Alcalde delegado da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua polo que se adxudican os postos e se abre un novo prazo para a adxudicación directa de postos non cubertos.

6. Acta e proposta da Comisión de Festas do día 3 de outubro.

7. Decreto número 12008376 ditado polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde delegado da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua polo que se adxudican os postos entre os licitadores que participaron no concurso e que non resultaron adxudicatarios.

8. Acta e proposta da Comisión de Festas do día 4 de outubro do seguinte teor literal:

“Con data 4 de outubro de 2012 ás 10:30 horas, no salón de Plenos da Casa Consistorial, réunese a comisión de festas do Concello de Lugo presidida polo Ilmo

CULTURA

MGL/cal

Refª: Decreto adxudicación 2ª Fase.doc

Asunto: adxudicación terreo no feiral de San Froilán 2ª Fase

Sr Don Xosé Antón Bao Abelleira, e actuando como vogais dona Sonia Méndez García, Concelleira delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, don José Manuel Díaz Grandío, representante do Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, don Ángel Trabada Gómez, representante do Grupo Municipal do Partido Popular, don Marcial Rodríguez Toajas, interventor xeral do Concello, dona Ana I. Sáez Mancebo, letrada asesora do Concello, dona Matilde García Losada, xefa da sección de cultura do Concello, don Carlos Álvarez Llamas, funcionario da sección de cultura do Concello, don Jesús Vélez Piñeiro, Comisario do Feiral de San Froilán e actuando como secretario da comisión don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación do Concello.

Abre a sesión o Sr Presidente e procédese a plantexar a posibilidade que que a comisión de festas acorde a realización de adxudicación directa de parcelas que foron declaradas desertas así como de sobrantes de parcelas que se atopan baleiras a día de hoxe.

Tras un amplo debate por parte dos integrantes da comisión, chégase ao seguinte acordo:

Como continuación do proceso da segunda fase da adxudicación do procedemento convocado polo Concello para a autorización de instalación de postos e atraccións nas festas de San Froilán para os anos 2012, 2013, 2014 e 2015 e tras a realización por parte da Comisión de Festas da proposta do día 3 de outubro de 2012 e a resolución por Decreto do Tenente de Alcalde delegado da área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e á vista dos informes que realizan neste acto tanto a xefa da sección de cultura do Concello como o Comisario do Feiral de San Froilán que manifestan a existencia de parcelas vacantes e sobrantes de parcelas que por diversos motivos están vacantes a día de hoxe 4 de outubro de 2012, acórdase propoñer, de conformidade co establecido nas bases que rexeron o procedemento, a continuación do procedemento de adxudicación directa con arreglo aos criterios que se sinalan a continuación e co obxectivo de cubrir a maior parte das parcelas do feiral e atender as múltiples solicitudes formuladas polos interesados.

1. Posibilitarase a presentación de solicitudes por calquer interesado que deberá en calquera caso cumprir os requisitos establecidos nas bases que rexeron o procedemento, así como a ratificación das solicitudes presentadas durante o procedemento que por calquera motivo non tivesen sido admitidas ou seleccionadas.

2. O prazo de presentación de novas solicitudes ou de ratificación das mesmas será ata as 14:00 horas do día 5 de outubro de 2012 nas oficinas municipais da sección de culutra do Concello (Praza Maior).

Cúmprase.

3. A adxudicación realizarase por Decreto da Concellería delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, previos informes da sección de cultura do Concello e do Comisario do Feiral de San Froilán 2012. Con posterioridade deberá darse conta desta resolución á Comisión de Festas.

Sen mais que manifestar, conclúese á sesión ás 11:35 horas, no lugar sinalado no encabezamento.

Como consecuencia do anteriormente sinalado, os membros da comisión propoñen A adopción dos seguintes acordos:

Primeiro .- Ofertar as seguintes parcelas e sobrantes :

Rodriguez Mourelo:

Parcelas: números 4, 10. (Caseta de tiro e grúas, respectivamente)

Sobrantes: 6 metros en la parcela 6 de Rodriguez Mourelo.(Caseta de tiro)

STANS en Rguez. Mourelo:

Números 19, 47, 48 y 49.

STANDS en Praza Mairo:

Números: 2, 6 e 7

Rúa Garcia Portela:

Mesas de venda, números 61, 68 y 69.

Sobrantes: 19 metros da parcela 75 (caseta de tiro)

Sobrantes: Parcela 78 (Carruseis infantís): 12 metros

Bancal Intermedio do Parque:

Parcela 82 (10 X10.- Carrusel ou espectáculo)

Sobrante parcela 83: 8 metros (carruseis)

Mesa de venta número 86

Camiño das Costas:

Mesas de vendas, parcelas 87, 88, 89, 90 e 91.

Sobrante: 10 metros na parcela 92 (mesas de venda)

Lonxa do Pavillón:

Parcela 96 (16x12) (Carruseis)

Parcela 97 (24x6) (Carruseis)

Parcela 98 5 x4 (Mesas de vendas)

Parcela 93-sobrantes: 46 metros (carruseis)

Segundo. Posibilitar a presentación de solicitudes por calquer interesado que deberá en calquera caso cumprir os requisitos establecidos nas bases que rexeron o procedemento, así como a ratificación das solicitudes presentadas durante o procedemento que por calquera motivo non tivesen sido admitidas ou seleccionadas.

CULTURA

MGL/cal

Refª: Decreto adxudicación 2ª Fase.doc

Asunto: adxudicación terreo no feiral de San Froilán 2ª Fase

Terceiro. Fixar o prazo de presentación de novas solicitudes ou de ratificación das mesmas que será ata as 14:00 horas do día 5 de outubro de 2012 nas oficinas municipais da sección de cultura do Concello (Praza Maior)

Cuarto.- A adxudicación realizarase por Decreto da Concellería delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, previos informes da sección de cultura do Concello e do Comisario do Feiral de San Froilán 2012. Con posterioridade deberá darse conta desta resolución á Comisión de Festas.

Cúmprase